

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026121	IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas	Oleiros	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	3º ESO	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

## 1. Introducción

O IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas é un centro público, situado no concello de Oleiros onde se imparte a Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. O alumnado é fundamentalmente de orixe urbana e de estratos sociais medios e baixos. Acolle un gran número de rapaces e rapazas chegados de diferentes países estranxeiros, sobre todo de Sudamérica, dado que se trata dunha zona limítrofe coa cidade de A Coruña. A maioría do alumnado da ESO provén do CEP Valle Inclán (Perillo - Oleiros).

Dende estas páxinas o departamento de Artes Plásticas pretende marcar unhas liñas xerais de actuación, conscientes de que ao longo do curso a experiencia e un mellor coñecemento do alumnado e as súas circunstancias poden facer necesario reformularnos as modificacións necesarias, buscando sempre lograr os obxectivos de etapa a través da área. O noso desexo é que este sexa un documento vivo que nos axude a levar a cabo un ensino activo de concepción constructivista.

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual de 3º da ESO é unha continuidade e ampliación do currículo de 1º e terá algúns contidos comúns a materias como Matemáticas e Tecnoloxía (especialmente nos referidos á xeometría e sistemas de representación) así como como con Xeografía e Historia (nos temas de Movements Artísticos e Patrimonio). Seguiremos introducíndonos no mundo da comunicación visual e audiovisual desde o debuxo, tanto artístico como técnico, para continuar analizando imaxes e traballando coas principais técnicas de creación gráfico-plástica, así como repasando as obras máis representativas da historia da arte. Tamén profundizaremos nos mecanismos que nos permiten trasladar, desde a normalización e os sistemas de representación, os obxectos imaxinados ou reais ao papel ou á pantalla. Preténdese non só, que o alumnado sexa capaz de ver, senón que tamén sexa quen de facer, de crear imaxes pertencentes aos diferentes campos da comunicación visual e audiovisual. Ao ser unha materia que se imparte en todos os centros de Secundaria de Galicia ten unha gran importancia como substrato dunha curiosidade e interese futuros polas distintas manifestacións plásticas. A materia ten un enfoque eminentemente práctico de xeito que o alumnado iníciase na produción artística e vai adquirindo os coñecementos de técnicas e recursos en función das necesidades derivadas da súa propia produción.

A educación artística é unha actividade imprescindible no desenvolvemento das persoas. A experimentación coas artes plásticas, visuais e audiovisuais fomenta a exploración e coñecementos propios e promove a imaxinación así como a capacidade para crear respostas múltiples, en linguaxes propios, a diferentes necesidades. Así mesmo a actividade artística implica un grao alto de interacción co grupo onde o traballo propio e alleo, individual e en grupo, serven para fomentar o debate e aprender a aprender.

O estudo da imaxe nos diferentes medios (a súa historia, as tipoloxías, as técnicas de creación, etc.) convértese nun dos fíos principais da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Foméntase a experimentación e a creación de imaxes bidimensionais e tridimensionais en diferentes medios de xeito que o alumnado tome contacto con técnicas e medios tradicionais así como cos medios tecnolóxicos e dixitais, explorando as cualidades expresivas da cada un deles.

É imprescindible que o alumnado adquira os coñecementos e as destrezas básicas para afrontar a análise crítica da imaxe visual e audiovisual como elemento de comunicación. Esta materia colabora amplamente no fomento do espírito crítico do alumnado ante as imaxes con diferentes funcións comunicativas e moi especialmente ante a imaxe publicitaria.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se convierten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			1-3	1-2		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	1-2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		1-3
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		1-3	4

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A percepción visual. Elementos de configuración visual e a súa organización compositiva.	Introdución aos principios perceptivos, elementos e factores. Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. A composición: conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.	10	6	X	X	
2	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas dimensións.	Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo. O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.	10	10	X	X	
3	Os xéneros artísticos. Manifestacións culturais e artísticas. Particularidades do patrimonio artístico galego.	Os distintos xéneros artísticos e as manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.	10	6	X	X	X
4	O proceso creativo.	Factores e etapas do proceso creativo. O esbozo. Elección de materiais e técnicas. a realización a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.	10	2	X	X	X
5	A xeometría nos obxectos, na arte e na contorna natural.	A xeometría na natureza, na arquitectura e no deseño de obxectos cotiáns. Xeometría plana. Introdución ás tanxencias e enlaces.	15	12	X	X	
6	Sistema diédrico: vistas. Sistema axonométrico: isométrica.	Introdución aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico.	15	12		X	X
7	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en tres dimensións.	O volume: exemplos e características expresivas.	15	10			X
8	Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación.	Lectura e análise da imaxe visual e audiovisual. Imaxe en movemento. O cine e a animación: características, orixe e evolución. Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.	15	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A percepción visual. Elementos de configuración visual e a súa organización compositiva.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.	PE	90
CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.		
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.	Explicar o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura.</li> <li>- A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores.</li> <li>- A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas dimensións.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas en dúas dimensións, secas e húmidas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	PE	90
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Explicar minimamente o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.		
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar, dun xeito sinxelo, con creatividade, referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas para poder xerar mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Os xéneros artísticos. Manifestacións culturais e artísticas. Particularidades do patrimonio artístico galego.	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicións, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Ser quen de recoñecer minimamente os factores que condicionan as distintas producións plásticas así como a súa función desde unha perspectiva de xénero, con curiosidade e respecto.	PE	90
CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar dun xeito sinxelo as producións propias e alleas desde unha mirada estética respectando a diversidade cultural.		
CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.	Coñecer diversas propostas plásticas significativas e analízalas para incorporalas ao imaxinario propio desde unha perspectiva de xénero.		
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.	Saber expresar minimamente, dun xeito aberto e respectuoso, as emocións e a satisfacción que emanan da percepción dunha obra de arte.		
CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Recoñecer, dun xeito básico, a pertenza dunha obra de arte a un contexto cultural e histórico concreto a través da análise da configuración formal e dos factores sociais que a condicionan.		
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar a importancia do patrimonio galego a través do coñecemento de obras de arte e a súa conservación.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os xéneros artísticos.</li> <li>- Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	O proceso creativo.	2

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	PE	90
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.		
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Ser quen de realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, axustándose ao obxectivo proposto, amosando iniciativa no emprego da linguaxe, materiais, soportes e ferramentas gráfico-plásticas.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.
- Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	A xeometría nos obxectos, na arte e na contorna natural.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5.1. - Argumentar e recoñecer os aspectos formais das obras de arte e da natureza en relación ás formas xeométricas.	Saber recoñecer, analizar e argumentar sobre aspectos formais relacionados coa xeometría da nosa contorna.	PE	90
CA2.4.1. - Realizar proxectos gráficos axustándose a tarefa solicitada amosando iniciativa no emprego dos principios xeométricos.	Realizar tarefas prácticas e exercicios de xeometría partindo dos exemplos na natureza e na arte.		
CA3.3.1. - Utilizar con creatividade os exemplos xeométricos presentes na contorna, tanto naturais como arquitectónicos, artísticos ou pertencentes ó ámbito do deseño.	Utilizar con fins creativos exemplos xeométricos da nosa contorna e aplicarlos a producións novedosas propias.		
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación e da xeometría, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.		
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os distintos usos e funcións que nos ofrece a xeometría e argumentar acerca das oportunidades que pode xerar cunha actitude aberta e con curiosidade por coñecer a súa importancia na sociedade.	TI	10
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.		Baleiro	0
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.			
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns.
- Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura.

<b>Contidos</b>
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Sistema diédrico: vistas. Sistema axonométrico: isométrica.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación e coñecer os seus procedementos analizando o procedemento con interese a través da práctica de exercicios do sistema diédrico (representación de vistas) e axonométrico (construcción isométrica).	PE	90
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal e, nun futuro, profesional.	TI	10
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer, dun xeito básico, os diferentes usos que pode ter os sistema diédrico e a croquización a partir das vistas. Argumentar sobre as posibilidades técnicas que poden xerar con interese por coñecer a importancia do debuxo técnico e os sistemas de representación na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico. - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en tres dimensións.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	PE	90
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias artísticas e culturais da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Realizar un proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Explicar minimamente o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.	TI	10
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.</li> <li>- O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.</li> <li>- Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.	PE	90
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, minimamente, as características das distintas técnicas audiovisuais e as súas linguaxes, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.		
CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os diferentes usos que pode ter as producións audiovisuais e saber argumentar cun mínimo de reflexión sobre as posibilidades que poden xerar estas, cunha actitude aberta, e amosando interese por coñecer a súa importancia na nosa sociedade.		
CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.</li> <li>- Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación.</li> <li>- Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual contemplará os mesmos principios de carácter psicopedagóxico que constitúen a referencia esencial para unha formulación curricular coherente e integradora entre todas as áreas dunha etapa que debe reunir un carácter comprensivo á vez que respectuoso coas diferenzas individuais.

A nosa actividade como profesoras será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumnado.

Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumnado, o que significa considerar tanto as súas capacidades como os seus coñecementos previos.

Promoveremos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativos.

Buscaremos formas de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.

Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumnado. Utilizaranse varios métodos didácticos:

- Interrogativo: preguntar frecuentemente aos alumnos conforme avanzamos no desenvolvemento de cada unidade. É unha boa forma de coñecer o punto de partida e animarlles a participar.

- Indutivo: partindo da análise de fenómenos ou manifestacións particulares, chegamos á xeneralización.

- Dedutivo: aplicar a fenómenos concretos proposicións de carácter xeral.

- Investigativo: propiciar procesos de procura e elaboración de informacións para favorecer a construción de novos coñecementos.

- Dialéctico: chegar a conclusións tras sucesivas fases de análises e sínteses entre todos.

A Metodoloxía desta materia é de carácter activo. O alumnado deberá experimentar, investigar e observar o que sucede ao seu arredor e esperar resultados.

Potenciarase unha dinámica de interese e de progresivo afondamento en todo o referente ás técnicas, procedementos e actitudes propias da área de plástica.

Sempre se fará unha exposición por parte da docente da nova tarefa a realizar. Se fora posible amosaráselles os traballos realizados por alumnado doutros cursos, para que vexan as múltiples posibilidades que ten unha proposta.

Tras as explicacións ao grupo, atenderase de forma individualizada a cada un deles de xeito que estes sexan capaces de superar os diferentes obstáculos que lles poidan xurdir.

Levaranse a cabo dentro da aula as actividades programadas procurando:

- Motivar ao alumnado para que sexan capaces de observar, analizar, comprender e ver, criticamente, o mundo que os rodea. Con esta acción motivadora, preténdese captar o seu interese.

- Orientar e organizar a busca de información necesaria, libros, catálogos, vídeos, revistas, películas, internet, etc.

- Planificar e programar as tarefas académicas de desenvolvemento curricular, ordenándoas, repartindo tempos, todo iso coas necesarias doses de flexibilidade e adaptación a situacións imprevistas.

- Que sexan cada día máis creativos para poder dar a resposta, máis axeitada, aos problemas tanto teóricos, coma prácticos que xurdan.

- Tratar de que o alumnado goce na tarefa de observación de realizacións plásticas, tanto propias coma alleas e respecten as expresións e creacións dos demais.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado, nalgunha ocasión, a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Nos exercicios a realizar nas horas lectivas teranse en conta as seguintes pautas:

- A exposición da tarefa a realizar e aplicación dos contidos explicados.

- Os bosquejos previos e definitivos.

- A correcta organización, limpeza e presentación no proceso e no resultado.

- O aproveitamento eficaz do tempo así como o interese e a curiosidade mostrado polo alumnado.

##### UNIDADES DIDÁCTICAS TRANSVERSAIS

Tendo en conta o currículo desta materia, consideramos que as unidades didácticas: “Os xéneros artísticos” e “O Proceso Creativo” deben abordarse ao longo dos tres trimestres. Deste xeito, coa alternancia de contidos, os elementos curriculares son menos monótonos e se estenden máis no tempo axudando a adquisición dos procedementos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Mobiliario axeitado para un taller artístico escolar: vertedoiro e billas, mesas amplas, andeis para gardar materiais e expoñer traballos e poder comentalos.
Ordenador con conexión a internet e proxector con pantalla.
Plataforma de ensino virtual, preferentemente, a aula virtual do centro.
Materiais pictóricos funxibéis: carbón, lapis conté, sanguina, pinturas acrílicas ou témperas coas cores primarias, branca e negra.
Materiais para estampa e gravado.
Libros de arte para poder consultar, tanto de temas técnicos como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc
Recursos de internet como páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.

O alumnado deberá aportar material propio, aínda que na aula poderán estar dispoñibles algúns destes materiais para uso do alumnado de xeito puntual:

- Carpeta tamaño DIN A-4.
- Papel tipo BASIK para debuxo e técnicas húmidas.
- Lapis de diferentes durezas e goma branda.
- Tesoiras.
- Lapis de cores.
- Ceras brandas.
- Rotuladores.
- Pinceis planos e redondos nº 12
- Regra, escadra e cartabón.
- Compás.

As ferramentas non teñen por que estar novas, todo o contrario, potenciarase o emprego dos que xa teñan na casa de cursos anteriores así coma de materiais reciclados.

A materia de EPVA está incluída no programa EDIXGAL polo que o alumnado ten á súa disposición o libro dixital en todo momento. Ademais facilitaráselles na aula virtual todo tipo de material complementario: apuntes, vídeos, presentacións....

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

### 1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

A avaliación inicial debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar e a organización da aula, así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

### 2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada pola titora/titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

### 3. TOMA DE DECISIONS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, compañeiros de pupitre e lugar na aula, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, cambios na temporalización, organización da avaliación...

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	90	90	90	90	90	90	90	90	<b>90</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	10	10	10	10	10	10	10	10	<b>10</b>

### Criterios de cualificación:

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para a avaliación das actividades se establecerán diferentes niveis de logro:

#### 1) Lóxica no proceso de aprendizaxe e traballo:

- Limitase a recoller información sobre o ofrecido, sen ordenala e estruturala.
- Ordena a información que lle chega, sen ser capaz de abstraer conceptos xerais aplicables a outros casos.
- Emite hipóteses axeitadas, relaciónaas e saca conclusións propias.
- Comprende, comproba e extrae conceptos para utilízalos noutros casos.

#### 2) Creatividade desenvolvida nas súas producións:

- Non ten capacidade para reproducir solucións similares ao problema proposto.
- Reproduce solucións similares sen achega propia.
- Integra con frecuencia recursos propios con modelos establecidos.
- Crea un estilo persoal.

#### 3) Corrección na expresión plástica das súas producións:

- Despreocupación no trato e manexo de útiles, soportes e mala presentación de traballos.
- Coidado na presentación, tendo en conta conceptos como precisión e limpeza.
- Precisión en trazados, gusto pola boa composición do traballo presentado coa técnica axeitada.
- Manexo propio e diversos de técnicas con adecuación destas á fin requirido.

#### 4) Capacidade de traballo:

- Non ten hábito de traballo.
- Traballa, pero sen método.
- Perde moito o tempo falando cos seus compañeiros.
- Utiliza métodos de traballo axeitados, presentando o seu traballo nos prazos marcados.
- Presenta máis solucións que a pedida, segundo as necesidades do problema formulado.



#### 5) Actitude xeral:

- Actitude agresiva ou pasiva.
- Actúa de modo receptivo sen mostrar interese.
- Interésase e emite a súa opinión con argumentos razoables respectando quendas de palabra.
- Considera puntos diversos. Ten en conta as distintas opinións e relacións coas propias expresándose sempre con corrección nas formas.

Na aula de plástica, é fundamental para o bo funcionamento da materia, a puntualidade do alumnado, así como que este traia sempre o material a clase. Polo que: A NON POSESIÓN DURANTE A CLASE DO MATERIAL REQUIRIDO POLA PROFESORA SUPORÁ QUE O ALUMNO/A NON PODERÁ PRESENTAR O SEU TRABALLO ESE DÍA. COMO CONSECUENCIA TERÁ UNHA REDUCCIÓN NA NOTA FINAL DA AVALIACIÓN. Se a actitude fose repetitiva sancionáraselle á alumna/o cun parte de conduta dado que dificulta o normal desenvolvemento da clase.

Ao comezo de ano escolar infórmaselles ao alumnado dos criterios de cualificación que se terán en conta o longo do curso que serán os seguintes:

- Como norma de carácter xeral do Departamento, para obter unha nota de como mínimo aprobado nunha avaliación, é imprescindible obter como cualificación global da avaliación unha nota maior ou igual a 5 puntos.

#### PROBAS ESCRITAS

- Haberá como mínimo un exame (escrito/debuxado) por avaliación. O peso destes exames será dun 30% dentro da nota global da materia por avaliación.

- Como resultado do traballo na aula día a día entregarán: láminas, proxectos, traballos de investigación... Normalmente estas tarefas divídense en dous grupos: láminas dun día (que estarán obrigados a entregar ao remate da sesión) e proxectos individuais ou en grupo máis elaborados (que se entregan despois de varias xornadas). Para valorar estas actividades teranse en conta os criterios anteriormente citados: lóxica no proceso de aprendizaxe e traballo, creatividade desenvolvida, corrección na expresión plástica, capacidade de traballo... O seu valor dentro da nota final da avaliación será dun 60% respecto á nota global da materia por avaliación.

Ao comezo da actividade o profesor/a explicará as pautas a seguir para a realización da mesma, así coma os aspectos concretos que se valorarán no resultado final. É fundamental que o alumnado cumpra coas condicións establecidas inicialmente para acadar unha avaliación positiva.

O alumnado deberá ter sempre a súa carpeta de traballos dispoñible para seren revisada polo profesor, dado que parte das probas escritas están constituídas por láminas e traballos.

Nos traballos de investigación ao igual que no resto dos traballos se se utiliza o "curta e pega" penalizarase con 5 puntos na súa nota. O valor que o departamento lle dá aos traballos realizados en actividades extraescolares é o mesmo que a calquera actividade realizada no ámbito da aula.

#### TABOA DE INDICADORES

Dentro de este apartado valorarase ao alumnado pola súa predisposición cara ó traballo, o interese pola materia e o cumprimento das normas. Observarase que o alumnado teña o material na aula, que avance nos traballos e que contribúa a crear un bo clima dentro da aula. O seu valor dentro da nota final da avaliación será dun 10% respecto á nota global da materia por avaliación.

O alumnado deberá ter sempre a súa carpeta de traballos dispoñible para seren revisada polo profesor.

Nos traballos de investigación ao igual que no resto dos traballos se se utiliza o "curta e pega"

penalizarse con 5 puntos na súa nota. O valor que o departamento lle dá aos traballos realizados en actividades extraescolares é o mesmo que a calquera actividade realizada no ámbito da aula.

A nota da materia na avaliación final será a nota media das tres avaliacións parciais:

- cando a nota media das tres avaliacións parciais teña un decimal superior a 0,5 corresponderalle a nota consecutiva superior (por exemplo: un 7,55 pasaría a ser un 8).
- cando a nota media das tres avaliacións parciais teña un decimal inferior a 0,5 corresponderalle a nota consecutiva inferior (por exemplo: un 7,45 pasaría a ser un 7).

#### **Criterios de recuperación:**

##### **RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:**

O alumnado que teña algunha avaliación parcial suspensa deberá recuperala antes da avaliación final.

Se alguén suspendera por non ter entregadas as actividades individuais será imprescindible que as entregue a posteriori para poder ser avaliado positivamente nesta materia. Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores. Ditas entregas faranse de xeito periódico, en cada trimestre, nas datas indicadas polo profesorado.

##### **RECUPERACIÓN FINAL:**

O alumnado que non supere a materia unha vez avaliados os tres períodos citados, debe presentarse a unha avaliación final que consistirá en:

- a) Elaboración dun traballo teórico-práctico a realizar durante o tempo de clases, guiado polo profesorado. Peso porcentual na nota: 40%
- b) Proba teórico-práctica. Peso porcentual na nota: 60%

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

#### **SEGUIMENTO PERIÓDICO:**

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo.

O profesorado poderá realizar un seguimento continuo do plan e do alumnado mediante reunións presenciais convocando ó alumnado persoalmente e especialmente a través dos titores que poden servir de estímulo para non abandonar estas materias que non se cursan.

A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, a través de entregas de traballos que serán recollidos de xeito físico ou a través da aula virtual. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A nota final consistirá na media das 3 entregas ou avaliacións, segundo un peso en evolución crecente, que permitirá ao alumnado unha progresividade na adquisición das competencias requiridas para superar a materia:

- 1ª entrega: 30%
- 2ª entrega: 30%
- 3ª entrega: 40%

#### PROBA FINAL:

De non superar a materia a través das entregas periódicas, o alumnado poderá presentarse a unha proba final, que consistirá nunha proba teórico-práctica.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Nos primeiros días de curso farase unha avaliación inicial do alumnado a nivel individual e de grupo. Esta avaliación individual e do grupo levarase a cabo seguindo diferentes procedementos:

- Resultados obtidos na materia o curso anterior; coas apreciacións, de ser o caso, correspondentes.
- Información, de ser o caso, procedente do Departamento de Orientación.
- Información procedente do profesorado que lles impartiu a materia o curso anterior.
- Observación directa do alumno na clase: realización dos exercicios propostos na clase e como contesta preguntas sobre contidos da materia do nivel anterior.
- Realización, de considerarse necesaria, dunha proba escrita que constará de exercicios e problemas baseados nos estándares de aprendizaxe do curso anterior.

Unha vez feita a avaliación inicial, xunto coa observación directa na clase, e a análise do expediente do alumno/a, valorarase a posibilidade de que o alumno reciba reforzo educativo ou algunha outra medida extraordinaria de apoio educativo. Tamén se analizarán os resultados a nivel de grupo, e poderanse introducir algúns cambios na metodoloxía ou na temporalización. Estas modificacións, de ser o caso, deberán ser abordadas na reunión do departamento e figurar nas actas correspondentes.

Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

**MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:** supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas específico de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o

período de permanencia na etapa.

**MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:**

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.

- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

**MEDIDAS ORGANIZATIVAS:**

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos en pequenos grupos, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos complicados.

**7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.			X	X				X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.			X	X				X
ET.4 - Competencia dixital.			X	X				X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc. - Comprensión lectora: Empregando as técnicas explicadas na aula para conseguir o efecto de profundidade ou perspectiva, o alumnado debuxará a paisaxe descrita pola profesora mediante a lectura dun texto. - Co obxectivo de mellorar a súa expresión oral o alumnado explicará o proceso seguido na elaboración de produtos artísticos, avaliando o resultado, facendo propostas razoadas para melloralo e utilizando unha linguaxe non discriminatorio. - A comunicación audiovisual forma parte da esencia mesma desta materia e trabállase desde diferentes frontes, desde o estudo e análise de toda a información que nos chega por esta canle, ata a creación de mensaxes audiovisuais cunha determinada finalidade. - Para promover o emprego das TICs propóranse algunhas actividades curriculares que se poderán levar a cabo utilizando os recursos informáticos e audiovisuais dos que dispón o alumnado. - Na educación para a igualdade de xénero, evítanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. - En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o seu espírito emprendedor a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo e o sentido crítico, así como as entregas de tarefas en prazo e forma. - Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentáranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna.	Os museos albergan, cada vez máis, coleccións e exposicións permanentes e temporais relacionadas con diferentes disciplinas artísticas que son interesantes para o noso alumnado.	X	X	X
Charlas informativas relacionadas con distintos intereses para o noso alumnado.	Charlas impartidas por todo tipo de profesionais que teñan certo interese no noso alumnado.			X
Participación en premios e certames artísticos	Concursos dentro e fóra do centro que lles axudan a aprender a presentar un proxecto e os animan no futuro a facelo, tamén.	X	X	X
Realización de proxectos do departamento e interdisciplinares.	Participar nas propostas dos equipos de Normalización, Biblioteca, Actividades Extraescolares ou outros. O noso alumnado pode participar en propostas creativas como a revista do instituto, murais, a árbore de Nadal, o acto de graduación de fin de curso, Entroido, iniciativas como a arquitectura pedagóxica, os proxectos competenciais ou calquer proposta que poda enriquecer ó noso alumnado, xa parta do noso departamento ou doutros..	X	X	X

### Observacións:

Tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible.

Este curso está previsto participar na actividade Sementeiras do Proxecto Terra co alumnado de 4º Eexpresión Artística.

Non sempre pode ser xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
<b>Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico</b>
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións e propostas de mellora.
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome.
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación especialmente os criterios de avaliación.
<b>Metodoloxía empregada</b>
(M) Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretar, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
(M) Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc., propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma e baséome nas explicacións teóricas.
(M) Como paso as horas lectivas: impartindo teoría e explicacións, respondendo a preguntas, desenvolvendo prácticas e corrixindo ao alumnado de xeito individual.
(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
(M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente ou en grupos reducidos.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
(AD) Para coñecer a composición da clase teño en conta a proba ao comezo do curso escolar e leo os informes anteriores.
(AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.
(AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa: no grupo grande e tamén de xeito individual.
<b>Outros</b>
(A) Utilizo diferentes tipos de probas: Exames escritos, traballo individual e traballo en equipo.
(A) Entre avaliacións, programo un plan de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe de xeito individual.

### **Descrición:**

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Deseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento ou seguemento da programación. Unha vez analizados os resultados do curso pasado debemos revisar os criterios de avaliación para confirmar que se adaptan ás recomendacións pedagóxicas.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

Non debemos esquecer que a nosa programación debe poder ser consultada polo alumnado e, especialmente, os criterios de avaliación deberán estar accesíbeis na aula virtual, no taboleiro da aula, no blog, ou entregados en papel.

## **9. Outros apartados**